

Resolución da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se adjudica o servizo de mantemento dos sistemas de información do ámbito das políticas activas de emprego (sobre plataforma SXPA) (expediente: 87/2015)

ANTECEDENTES,

Primeiro.- Por Resolución do 9 de xuño de 2015 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia autorízase a convocatoria, suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de mantemento dos sistemas de información do ámbito das políticas activas de emprego (sobre plataforma SXPA) (expediente.: 87/2015), cun orzamento máximo de 148.758,00 €, máis 31.239,18 € correspondentes ao IVE (21%), o que supón total de 179.997,18 € (cento setenta e nove mil novecentos noventa e sete euros con dezaioito céntimos), que se distribúen nas seguintes anualidades:

- 2015: 24.793,00 € + IVE (5.206,53 €) = 29.999,53 €
- 2016: 123.965,00 € + IVE (26.032,65 €) = 149.997,65 €

Segundo.-

Segundo consta no certificado do Rexistro da AMTEGA concorren a este procedemento os seguintes participantes:

- Altia Consultores, S.A.

Na súa reunión do 16/07/2015, a mesa de contratación comprobou que a empresa licitadora presentou correctamente a documentación administrativa, polo que é admitida a participar no procedemento.

Terceiro.-

O 31/07/2015 a mesa aprobou o informe de valoración dos criterios non avaliábles mediante formulas matemáticas, elaborado pola Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais e asinado o día 27/07/2015.

Cuarto.-

O 7/08/2015 a mesa aprobou o informe de valoración dos criterios avaliábles mediante fórmulas matemáticas e final de valoración elaborado pola Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais o día 3/08/2015

Neste mesmo acto a Mesa acorda propoñer ao órgano de contratación a oferta presentada por **Altia Consultores, S.A.** como a economicamente máis vantaxosa.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1- Esta adjudicación está suxeita a regulación harmonizada e realizouse utilizando a tramitación ordinaria e o procedemento aberto, regulados nos artigos 109 e seguintes e 157 e seguintes do TRLCSP.

2- Tal como consta no expediente, o informe de valoración dos criterios non avaliábles mediante formulas matemáticas, elaborado por técnicos da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais e asinado o día 27/07/2015, recolle os seguintes resultados:

	Proposta funcional (max. 25 puntos)	Proposta tecnolóxica (max. 5 puntos)	Plan de organización do proxecto (max. 17 puntos)	Total
Altia Consusltores, S.A.	20,00	3,00	15,00	38,00

3- O informe dos criterios avaliábeis mediante fórmulas e final de valoración, elaborado polos mesmos técnicos o día 3/08/2015, recolle as seguintes puntuacións:

	Criterios non avaliábeis mediante fórmulas (max 47 puntos)	Criterios avaliábeis mediante fórmulas			Total
		Horas de formación (max 3 puntos)	Parámetros de nivel de servizo (max 10 puntos)	Prezo (max 40 puntos)	
Altia Consultores, S.A.	38,00	3,00	10,00	40,00	91,00

Segundo o artigo 151 do TRLCSP, o órgano de contratación é o órgano competente para ditar esta resolución. Neste procedemento o órgano de contratación é a persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de conformidade co establecido no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos,

De conformidade e con base nos informes técnicos emitidos e nos antecedentes administrativos que constan no expediente,

RESOLVO

Primeiro.- Adxudicar o contrato citado, a favor de:

EMPRESA	ALTIA CONSULTORES S.A.
NIF	A15456585
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	148.758,00 € IVE (21%): 31.239,18 € TOTAL: 179.997,18€
ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN	147.000,00 € IVE (21%): 30.870,00 € TOTAL: 177.870,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	O prazo de execución para a prestación do servizo obxecto do presente contrato será de 12 meses a contar a partir da data de formalización do contrato. Antes da súa finalización, este contrato poderase prorrogar por mutuo acordo das partes por un prazo igual ou inferior ao fixado orixinariamente.

Esta resolución fundaméntase coa aceptación dos informes técnicos emitidos ao longo do procedemento, que son asumidos en toda a súa extensión pola Mesa de contratación, tanto nas puntuacións atribuídas a cada un dos criterios detallados nos pregos, como na causa da atribución de tal puntuación. Debido á minuciosidade dos criterios a valorar no informe e á complexidade de elaborar unha información sucinta das causas da atribución das puntuacións, para que os interesados neste procedemento teñan o debido coñecemento dos motivos da adxudicación e poidan defender os seus dereitos e intereses, acompañanse os informes como



Anexos a esta resolución, formando parte da mesma. Os ditos informes tamén aparecen publicados no Perfil do Contratante da Amtega.

Segundo- Ordenar a publicación desta Resolución no “Perfil do contratante” da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, simultaneamente, que se notifique a todos os interesados no procedemento.

Ao abeiro do establecido no artigo 156 do TRLCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores e candidatos. O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo dos quince días hábiles sen que se interpuxera recurso que implique a suspensión da formalización do contrato.

Contra esta resolución, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación nos termos establecidos no artigo 40 e seguintes do TRLCSP. O coñecemento e resolución deste recurso correspóndelle ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, de conformidade co convenio de colaboración suscrito o 7 de novembro de 2013 entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais (publicado no BOE nº 282 e DOG nº 225 do 25 de novembro de 2013).

A presentación do escrito de interposición do recurso deberá presentarse no rexistro da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación do acto impugnado, de conformidade co disposto no artigo 151.4 do TRLCSP. Dentro deste prazo, o recorrente deberá previamente anunciar a súa intención de interpoñer o recurso, mediante escrito presentado ante o órgano de contratación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Tamén poderase impugnar esta resolución, directamente, mediante a interposición do recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela,

Mar Pereira Álvarez

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia